

S.O.S! EXAMES!

TIPOS DE TAREFAS QUE NOS PODEN PEDIR NUN EXAME

- DEFINE:** explicamos que é ou en que consiste o concepto polo que nos preguntan.

Empezaríamos con “É...”, “Consiste en...”. As definicións nunca comezan con “É en plan...” ou “É cando...”

- CORRIXE:** algo está equivocado e hai que cambialo.

Exemplo: “O día dura 23 horas” hai que substituílo pola **frase correcta** que sería “O día dura 24 horas”. Habitualmente, acompaña aos exercicios de “Verdadeiro ou Falso” así que, non te esquezas de corrixir despois de poñer V/F ao lado da frase.

- DESCRIBE:** explicamos as características do que se nos pregunta.

Exemplo: “O can é un mamífero carnívoro que pertence á mesma familia que os lobos, raposos e coiotes. As cores dos cans varían de branco a negro, con vermello, café ou gris. De igual xeito que os humanos, son unha especie moi sociable e cazan en grupo”.

- ENUMERA:** temos que citar/expoñer os elementos dun conxunto.

Exemplo: “Enumera as características do can”

-Mamífero.

-Carnívoro.

-Mesma familia que os lobos, raposos e coiotes.

-Cor que pode ir do branco ao negro.

-Especie sociable.

-Caza en grupo.

Se empregas guións é máis sinxelo non esquecer ningunha característica e queda máis ordeado.

- CALCULA:** temos que resolver unha operación ou un problema e dar unha cantidade acorde á que nos presentan. As preguntas de calcular non están só nos exames de mates!

Exemplo: “Calcula cantos euros ten Xan se...” ou “Calcula a porcentaxe...” A resposta sería “Tantos euros” ou “A porcentaxe é 20 %”.

S.O.S! EXAMES!

TIPOS DE TAREFAS QUE NOS PODEN PEDIR NUN EXAME

- EXPLICA O POR QUE:** temos que razoar/pensar o porqué dun feito que se nos presenta.

Exemplo: "Explica por que os cans cazan en grupo".

Resposta: "Os cans cazan en grupo porque, do mesmo xeito que os humanos, os cans son unha especie sociable e se agrupa para afrontar con máis éxito as tarefas". Que os cans sexan mamíferos ou carnívoros non explica por que cazan en grupo e, por tanto, non será a resposta axeitada.

- EN QUE SE DIFERENCIA/EN QUE SE PARECEN:** a actividade preséntanos dous ou máis conceptos que terán cousas en común e cousas nas que se diferencian.
Neste actividade, só nos interesa unha parte das características.

Exemplo: En que se parecen/que teñen en común os lobos e cans?

Resposta: "Os lobos e os cans pertencen á mesma familia de animais".

Posiblemente, sabemos que os cans e os lobos se diferencian en que o primeiro é un animal doméstico e o segundo é salvaxe pero **non** é o que preguntan e, por tanto, non se contesta.

CONSELLOS XERAIS:

- Cada pregunta require unha contestación. Non esquezas os distintos apartados dunha mesma pregunta!
- Contesta todo o que poidas pero, ás veces, menos é máis. Poñer toda a páxina que estudiaches, só lle fai pensar ao profesor que non sabes a que se refire a pregunta e pos todo "a ver se cola"...
- Lembra empregar maiúsculas ao comezo das frases e empregar puntos para separar as ideas. Evita facer párrafos que ocupen todo o folio.
- Trata de facer boa letra e fíxate na ortografía.
- Se tes que facer unha redacción ou un resumo, ponlle título!